

so escolar 2008-2009 as ensinanzas elementais de música.

Facúltase as direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e a de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditaren as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2009.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: A Guarda.

Localidade: A Guarda.

Código do centro: 36024288.

Titular: Concello da Guarda.

Centro: Conservatorio Elemental de Música da Guarda.

Autorización provisional: ensinanzas elementais de música.

### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Orde do 3 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia é a expresión xurídica necesaria á especificidade que, como nacionalidade histórica, posúe en materia cultural e ten como finalidade esencial protexer, conservar e difundir un legado que o tempo irá acrecentando para transmitirlo ás xeracións futuras.

A riqueza do patrimonio cultural de Galicia materialízase, no ámbito etnográfico, en múltiples tipos construtivos característicos e senlleiros, como expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego. Neste eido destacan, entre outros, os hórreos (cabazos, cabaceiras, piornos, etc...), os cruceiros, os petos de ánimas, os muíños, os lavadoiros, os fornos, os pombais, as palleiras, as pallozas e unha longa lista que ilustra o singular e valioso patrimonio cultural de Galicia.

Na medida en que os bens culturais teñen un valor de testemuña histórica e de civilización, a citada Lei do patrimonio cultural de Galicia determina tanto para os seus propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais como para os poderes públicos a obriga de preservar o interese xeral que é o patrimonio cultural, para aseguraren a súa integridade e evitar a súa perda, a súa destrución e a súa deterioración.

Neste sentido, a Consellería de Cultura e Deporte asume como principal obxectivo a protección, conservación e enriquecemento deste patrimonio e concrétao a través da adopción de medidas de fomento para a restauración e rehabilitación de bens do patrimonio etnográfico.

Á vista do exposto, en uso das facultades que teño atribuídas, en virtude do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas, polo procedemento abreviado de concorrencia non competitiva, destinadas ao fomento de actuacións de conservación e mantemento e de restauración, por parte dos propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais de bens inmoables do patrimonio etnográfico que forman parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, calquera que sexa a categoría de protección en que se inclúan (ben de interese cultural -BIC-, ou ben inventariado), tales como hórreos, cabazos, cabaceiras, piornos, celeiros, cruceiros, petos de ánimas, palleiras, alpendres, pallozas, muíños, fontes, lavadoiros, fornos, pombais e outros de carácter similar.

Ao abeiro do artigo 19.2º da Lei de subvencións de Galicia, non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4º da citada lei.

##### Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables e excluídas.*

1. Quedan comprendidas no ámbito desta orde, como actuacións subvencionables, aquelas propostas para o ano 2009 que consistan:

a) As obras de conservación e mantemento, é dicir, aquelas que teñen como finalidade o mantemento do inmovible coas súas características e materiais orixinais. Consistirán en reparacións puntuais, limpeza, substitucións concretas de elementos deteriorados e aquelas que deriven das operacións de reparación dos danos habituais provocados polo paso do tempo ou polo seu uso característico. En concreto, consideraranse obras de conservación e mantemento:

I. O retellado, a reposición ou a reparación do material final de cubrición, na que se empregue o material tradicional orixinal (a tella curva, a lousa, o colmo ou a pedra), sempre que a obra non afecte en ningún modo a estrutura.

II. Os traballos de conservación e reparación que afecten os elementos do acabamento do interior e do exterior, sempre que se empregue o mesmo material orixinal e se manteña a forma, a dimensión, o sistema construtivo e o acabamento.

III. A pintura dos recibos dos paramentos con tintas de base mineral, nas cores tradicionais.

IV. O cambio ou a reparación das carpintarías dos ocos, empregando o mesmo material e o mesmo tratamento que as orixinais.

V. A pintura das carpintarías ou doutros elementos de madeira con tratamentos de poro aberto, con pinturas ao aceite ou con ceras naturais, así como as operacións necesarias de preparación das superficies.

VI. A reparación ou a substitución parcial de pezas auxiliares como os chanzos das escaleiras, os balaústres e outros elementos das varandas, os caneirados, as canles de auga ou outras pezas funcionais, non estruturais ou de acabado, sempre que non posúan traballos decorativos singulares.

VII. A limpeza das fábricas, paramentos e elementos construtivos, aplicando técnicas non agresivas e respectuosas cos seus materiais e coa pátina do tempo.

VIII. A demolición e a retirada dos elementos, das construcións ou das instalacións desconformes cos valores etnográficos do ben, sempre que a súa retirada non supoña unha afección negativa ou poña en perigo a conservación dos sistemas construtivos orixinais, e no caso de que non precisen unha posterior obra de restauración.

b) Son obras de restauración aquelas que teñan por obxecto a restitución ou a mellora da imaxe e unidade do ben, a través de operacións de reintegración de elementos deteriorados, perdidos ou eliminados no seu momento cun criterio desafortunado ou erróneo, co fin de recuperar o carácter orixinal do inmovible e da súa función e que poden supoñer a execución de novas estruturas, peches, cubertas, ou outros elementos de entidade construtiva. Tamén se considerarán obras de restauración a eliminación de elementos e adicións construtivas sen valor cultural e que deturpen a apreciación e a función do ben. En concreto, considéranse como obras de restauración as seguintes:

I. As obras de reparación, de reforzo ou de reposición do sistema estrutural en madeira: vertical, horizontal ou da cuberta, incluíndo a súa reconstrución parcial coas mesmas características e materiais que os tradicionais orixinais.

II. A reparación, a consolidación ou a reconstrución dos muros ou das fábricas de pedra (de cachotaría ou de cantería) para a recuperación de estruturas danadas, derrubadas ou en mal estado, utilizando os materiais, as labras, os aparellos e os sistemas construtivos tradicionais e cos límites que deriven do respecto pola disposición tipolóxica tradicional e a recuperación do seu volume orixinal documentado.

III. O cintado e o tendido de recibos de argamasas tradicionais, coherentes cos tratamentos orixinais, así como as operacións complementarias previas, como unha picadura para desprender os recibos en mal estado.

IV. A dotación ou a construción de novas carpintarías naqueles bens que, no caso de que existisen sexan irrecuperables, ou que carezan delas na actualidade, sempre que se empreguen os materiais, as formas, as particións e as solucións construtivas

tradicionais e coherentes co tipo e co valor etnográfico do ben inmovible.

V. As obras de recuperación, de reparación e de restauración dos pavimentos, empregando os materiais e os sistemas construtivos tradicionais e conservando fielmente os despezos, as dimensións, as labras e os acabamentos.

VI. As reconstrucións ou as restauracións dos elementos de división interior e dos seus acabamentos tradicionais, así como as maquinarias, os instrumentos e os elementos auxiliares que teñan por obxecto o mantemento ou a recuperación do seu uso ou da súa función tradicional e a súa interpretación cultural.

VII. As obras de reparación ou de restauración dos elementos decorativos de pedra, de madeira ou doutros materiais, sempre segundo os datos que poidan confirmar a súa orixinalidade e o valor cultural. Neste caso, a intervención xustificarase cun estudo especializado do seu valor artístico ou etnográfico.

2. Tanto as obras de conservación e de mantemento como as obras de restauración subvencionadas ao abeiro desta orde axustaranse aos criterios legais de actuación que se recollen no artigo 39 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e ás prácticas habituais de restauración que teñen o referendo das institucións dedicadas ao estudo e ao establecemento dos criterios nacionais e internacionais de conservación e protección do patrimonio cultural. En particular, utilizaranse criterios nos que se empreguen as solucións construtivas e de deseño tradicionais e orixinais, reproducindo as técnicas coas que se construíron nun primeiro momento os inmovibles e utilizando os materiais que lles son propios.

3. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá dar instrucións particulares e establecer criterios concretos segundo o carácter e a dimensión da actuación, que serán comunicados de forma pormenorizada na resolución coa que se autoricen as obras.

4. Quedan excluídas:

a) As intervencións sobre inmovibles nos que se realizasen obras que fosen obxecto de sanción en materia de patrimonio cultural.

b) As actuacións xa realizadas ou iniciadas con anterioridade á data de publicación desta orde.

c) As actuacións subvencionadas en convocatorias anteriores.

d) As intervencións en bens propiedade da Igrexa Católica.

e) As intervencións que teñan por obxecto:

I. A alteración da forma, dos materiais ou do tipo e sistema construtivo tradicional.

II. O traslado ou os recuamentos, agás recuamentos por razóns de estrita conservación que deberán ser xustificadas convenientemente, e non desde supostos funcionais ou estéticos.

III. A reforma para a instalación dun novo uso alleo ao seu valor etnográfico.

IV. A utilización de materiais tecnolóxicos alleos á tradición construtiva e descontextualizados respecto dos valores etnográficos do elemento, tales como as masas de cementos portland, as madeiras laminadas, os vernices que creen películas non transpirables sobre a superficie da madeira, as lousas de cuberta prefabricadas ou de forma non tradicional, as tellas mixtas, planas ou de materiais non tradicionais, os alumínios e os metais en xeral (agás o ferro doce forxado) fóra dos usos tradicionais dos metais na construción popular, as resinas e os acabamentos sintéticos, as siliconas como solucións de unión ou impermeabilización, as espumas de poliuretano como adhesivo ou solución para carpintaría, as fábricas de bloque de cemento ou de tixolo como cerramento das construcións de valor etnográfico (cando este non sexa o material tradicional),... etc.

V. A eliminación dos recibos ou dos revestimentos tradicionais para deixar vistas fábricas de pedra que non tiñan este remate tradicionalmente.

VI. A limpeza dos elementos artísticos ou de senlleiro valor etnográfico, na que se empreguen técnicas ou procedementos que elimine a pátina do tempo.

VII. Os chorreados de calquera tipo (de auga, de area, os granallados, ...) como técnica de limpeza sobre as fábricas ou os elementos orixinais.

VIII. As decapaxes das pinturas o dos revestimentos vellos sobre a madeira nos que se empreguen sopretes de chama.

f) As propostas nas que se aprecie de xeito obxectivo algunha intervención previa no elemento ou no seu contorno inmediato incompatible cos valores culturais do ben ou coa súa conservación, que non sexa a do propio envellecemento do inmovible.

*Artigo 3º.-Financiamento e contía global das axudas.*

As axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.433A.781.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e a contía global destinada a estas ascende a trescentos mil euros (300.000 €).

Esta contía poderá ser ampliada nos termos previstos no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia, sen que isto dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

*Artigo 4º.-Normativa aplicable.*

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto nesta orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos preceptivos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 16/2007, do 23 decembro, de orzamentos xerais

da comunidade autónoma para o 2009, e demais normativa de aplicación.

*Artigo 5º.-Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas, as comunidades de bens e persoas xurídicas sen ánimo de lucro que teñan a cualidade de propietarias, posuidoras ou titulares de dereitos reais, con consentimento do titular da propiedade, se é o caso, sempre que non se atopen en ningún dos supostos dos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, de calquera dos bens inmoebles relacionados no artigo 1º desta orde, que formen parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, en calquera das seguintes categorías:

a) Os hórreos, cabazos, cruceiros e petos de ánimas de máis de cen anos de antigüidade, que teñan a consideración de bens de interese cultural (en diante BIC), segundo o disposto no artigo 8 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e por remisión da disposición adicional primeira da dita lei, nos decretos 449/1973, do 22 de febreiro (BOE do 13 de marzo), e 571/1963, do 14 de marzo (BOE do 30 de marzo).

b) Os hórreos, cabazos, cabaceiras, piornos, celeiros, cruceiros, petos de ánimas, palleiras, alpendres, pallozas, muíños, fontes, lavadoiros, fornos, pombais, eiras e aqueles outros de carácter similar, que non sexan BIC e teñan a consideración de bens inventariados, segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, é dicir, aqueles bens recollidos nos inventarios das normas complementarias e subsidiarias do planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas pola orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991, así como os contidos nos catálogos de calquera outra figura do planeamento urbanístico en vigor.

c) Aqueles elementos que constituían o patrimonio etnográfico, como os referidos na letra b) anterior, pero que, sen estar inventariados de xeito individual, formen parte do contorno delimitado dos conxuntos históricos, dos lugares de interese etnográfico ou dos monumentos declarados BIC, así como no territorio histórico do Camiño de Santiago (Camiño Francés), sempre que conserven as súas características construtivas esenciais e definitorias orixinais, a súa fisionomía e o carácter tradicional, así como unha vinculación co seu ámbito inmediato.

En resumo, os que se enumeran a seguir:

a) Hórreos, cabazos, cruceiros e petos de ánimas de máis de cen anos de antigüidade

b) Elementos de carácter etnográfico recollidos nas NCSPP ou nos planeamentos municipais en vigor.

c) Elementos de carácter etnográfico situados dentro do contorno delimitado dun conxunto histórico, dun lugar de interese etnográfico ou dun monumento declarado, ou no territorio histórico do Camiño de Santiago (Camiño Francés), nas condicións devanditas no punto c).

*Artigo 6º.-Axudas.*

1. As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por beneficiario e ben inmóbel, pola contía máxima do 50% do custo de execución do proxecto. Establécese o límite  $L=$ axuda máxima, que será a menor das dúas que se definen segundo a modalidade da actuación:

a) Ata 2.500 € ou  $100 \text{ €} \times \text{m}^2$  computable no caso de obras de conservación e mantemento.

b) Ata 5.000 € ou  $200 \text{ €} \times \text{m}^2$  computable no caso de obras de restauración.

2. A superficie computable da actuación será a que corresponda de aplicar sobre a superficie en planta do elemento un coeficiente que se determinará en función das actuacións propostas e a súa idoneidade, segundo se determina no anexo IV desta orde. No caso de elementos puntuais ou de difícil cuantificación por superficie, para a estimación do límite máximo da axuda empregárase só o criterio de cuantificación absoluto, e non o relativo ás superficies.

3. A documentación presentada irá acompañada dun orzamento completo no que se valore polo miúdo cada unha das partidas, axeitadas ás actuacións relatadas no artigo 2º, de tal forma que se poida diferenciar o custo da unidade e a súa medición, así como as características dos materiais e técnicas empregadas.

4. O importe das subvencións percibidas para cada intervención non poderá ser, en ningún caso, de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

5. Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

*Artigo 7º.-Solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que figura no anexo I desta orde, xunto coa documentación que se relaciona a continuación:

a) Unha copia compulsada do DNI e NIF do solicitante, ou do CIF no caso de comunidades de bens e persoas xurídicas. No caso de que se actúe por medio de representante, deberá de acreditarse a representación por un medio válido en dereito.

No caso de que o solicitante sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o custo subvencionable destes soportado por cada un deles. En calquera caso deberá nomearse un representante da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transco-

rra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

b) Unha copia compulsada dos documentos acreditativos da personalidade no caso de que o solicitante sexa comunidade de bens ou persoa xurídica.

c) A documentación acreditativa do título de propiedade ou dos dereitos reais e do consentimento do propietario, se é o caso, respecto de ben obxecto da intervención para a que se solicita a axuda.

d) Unha declaración responsable de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas, coa indicación das contías e de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiarios de subvencións (segundo o modelo que figura como anexo II).

e) Unha certificación orixinal expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta do solicitante.

f) No caso de BIC do que non exista unha declaración específica, como é o caso das declaracións xenéricas ao abeiro da disposición adicional primeira da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, aplicables a hórreos e cruceiros dentro do marco desta orde, será precisa a acreditación suficiente, por calquera medio válido en dereito, na que se concrete a súa antigüidade e se defina a súa situación (lugar, parroquia e concello).

g) Unha memoria completa da intervención segundo o documento que figura no anexo III. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá determinar a necesidade da presentación dun proxecto técnico no caso de que a información achegada no devandito anexo se considere insuficiente para a definición dos traballos de restauración, o que lle será comunicado de forma escrita ao solicitante da axuda con indicación do prazo e das condicións da documentación necesaria.

h) Unha proposta de actuación de mantemento ou restauración definida e detallada. A proposta conterá:

a. Unha descrición literal do elemento e do seu estado.

b. Unha medición básica das súas dimensións principais (largo, longo e altura).

c. Unha enumeración estruturada das actuacións propostas.

d. Unha descrición das actuacións.

e. Unha cuantificación individualizada de cada unha das partidas, a súa medición e o seu custo unitario.

2. Os modelos normalizados de solicitude e declaracións exixidas estarán ao dispor dos interesados no rexistro xeral da Xunta de Galicia, na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, nas delegacións provinciais de Cultura e Deporte ou na páxina web da consellería: <http://culturaedeporte.xunta.es/oficina/oficina>, na epígrafe de trámites e axudas, para a súa formalización.



3. A presentación de solicitude polo interesado implicará:

a) A aceptación íntegra do establecido nas bases reguladoras fixadas na orde da convocatoria, así como dos requisitos e as obrigas que nelas se fixan.

b) A autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao día das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

c) A autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, nos rexistros públicos de subvencións que proceda e na páxina web oficial da Consellería de Cultura e Deporte.

*Artigo 8º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación, presentaranse preferentemente no rexistro xeral da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes iníciase a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e permanecerá aberto durante o mes seguinte.

*Artigo 9º.-Tramitación, resolución e recursos.*

1. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como órgano instrutor da Consellería de Cultura e Deporte, examinará as solicitudes presentadas e a documentación achegada. No suposto de que as solicitudes non cumpran os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación conteña erros ou sexa insuficiente, a unidade administrativa encargada da tramitación dos expedientes requirirá os interesados para que, no prazo de dez días, acheguen os documentos preceptivos que emenden os erros detectados, coa indicación de que, se así non o fixesen, teranse por desistidos da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A tramitación e resolución das solicitudes presentadas efectuarase por rigorosa orde de entrada das solicitudes do xeito previsto no artigo 8º.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborará unha listaxe de todas as solicitudes presentadas, asignándolles un número correlativo, segundo a data e hora da presentación da solicitude.

2. Revisada e ordenada a documentación e completada, se é o caso, a Dirección Xeral de Patrimo-

nio Cultural elaborará a proposta de concesión ou denegación das axudas, que será elevada ao titular da Consellería de Cultura e Deporte, que resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas no prazo máximo de dous meses, desde a data de entrada de cada solicitude no rexistro do órgano administrativo competente para resolver o procedemento.

No suposto de que o número de solicitudes presentadas, que cumpran coas condicións administrativas e técnicas establecidas nesta orde para adquirir a condición de beneficiario, supuxer o esgotamento da contía máxima fixada, a Consellería de Cultura e Deporte acordará a inadmisión de posteriores solicitudes e publicarao no DOG e na páxina web. Ao tempo, cando o importe das subvencións concedidas acade a contía establecida no artigo 3º desta orde, o órgano xestor deixará constancia no expediente mediante un certificado de esgotamento de crédito.

3. A Consellería de Cultura e Deporte resolverá o procedemento de concesión no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. O procedemento e contido da resolución axustarase ao artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. A resolución de concesión ou denegación da axuda notificaráselle aos interesados e terá que ser motivada. No *Diario Oficial de Galicia* publicarase un extracto da resolución de concesión que deberá conter indicación da norma reguladora, beneficiarios, crédito orzamentario, cantidade concedida e finalidade da axuda. Desta mesma información darase conta na páxina web da Consellería de Cultura e Deportes e nos rexistros públicos de subvencións.

5. A resolución de concesión ou denegación da axuda pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

6. De non notificarse resolución no prazo indicado no parágrafo 2 anterior, entenderase desestimada a solicitude correspondente, podendo interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Cultura e Deporte no prazo de tres meses, ou ben interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de seis meses. Os prazos sinalados para estes casos comezará a contarse desde que transcorra o prazo para resolver sinalado no parágrafo 2 anterior.

*Artigo 10º.-Aceptación das axudas.*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

*Artigo 11º.-Obrigas dos beneficiarios.*

1. Ademais das obrigas xerais establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, para a per-

cepción das axudas públicas, os beneficiarios están obrigados:

a) A executar e xustificar o proxecto íntegro para o que se concede a axuda, segundo as condicións desta bases, isto é, o 100% da execución que serve como base para o cálculo da axuda. No caso contrario a contía da axuda minorarase proporcionalmente ao efectivamente executado.

b) A obter as preceptivas licenzas, autorizacións e permisos para a execución das obras obxecto da axuda.

c) A facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) A efectuar a xustificación do custo conforme o establecido nesta orde.

e) A permitir e facilitar á Consellería de Cultura e Deporte o acceso á obra no exercicio do seu labor de inspección e á comprobación relacionada co obxecto da axuda económica ou coa conservación do patrimonio cultural.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

#### Artigo 12º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Unha vez concedida e aceptada a axuda, o seu pagamento quedará condicionado a que os beneficiarios presenten a seguinte documentación:

a) Unha memoria da actividade realizada, en que se describan todas as epígrafes enumeradas no artigo 7º.1 h) desta orde unha vez realizada a actuación. Así mesmo, concluírase coa xustificación da adecuación da intervención ás condicións impostas na resolución da concesión. Este documento deberá ser redactado polo director técnico das obras, agás nos casos en que non se determine a necesidade da redacción dun proxecto técnico para as actuacións, nos que a memoria poderá ser realizada polo propietario.

b) Unha reportaxe de fotografías en cor do ben obxecto da intervención subvencionada e que reflentan a obra realizada.

c) As copias compulsada das facturas, ou documentos equivalentes, dos industriais subministradores ou dos contratistas das obras, así como a certificación do director das obras do gasto total realizado axustado ao proxecto autorizado, para as obras en que se determinase a necesidade de redacción dun proxecto técnico. Estes documentos estarán emitidos conforme a normativa aplicable e xuntaránselle, de ser o caso, os xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

d) Unha declaración complementaria, actualizada, do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas (modelo anexo II).

e) De acordo co artigo 29.4º da Lei de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 €, o beneficiario deberá acreditar ter solicitado un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a realización da obra.

2. A xustificación para a percepción da axuda deberá presentarse no prazo máximo de 3 meses desde que se notificou a concesión da axuda e, en todo caso, antes do 15 de novembro de 2009.

No caso de que a xustificación fose incorrecta ou incompleta, a Consellería de Cultura e Deporte poderá outorgar, nos termos establecidos no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, sempre que este prazo permita a verificación do cumprimento dos requisitos fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario de 2009.

#### Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, se é o caso, á súa revogación.

#### Artigo 14º.-*Reintegro.*

Procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida e a esixencia dos xuros de demora nos casos e termos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá realizar as comprobacións e verificacións que consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá requirir, en todo momento, a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Terceira.-Aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2009.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE ELEMENTOS DE INTERESE ETNOGRÁFICO PERTENCENTES AO INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CD105A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI/CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
		FAX	
		<input type="text"/>	

## DATOS DA AXUDA SOLICITADA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR	CONTÍA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO/LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia segundo a seguinte condición:

- Catálogos das normas complementarias e subsidiarias do planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas pola orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991.
- Catálogo de planeamento municipal (especificar)
- Hórreos ou cabazos cunha antigüidade de máis de cen anos (especificar idade)
- Cruceiros e petos de ánimas cunha antigüidade de máis de cen anos (especificar idade)
- Ámbito do conxunto histórico, do monumento ou do lugar de interese etnográfico declarado BIC (especificar conxunto e decreto de declaración)
- Ámbito do territorio histórico do Camiño Francés BIC (especificar lugar, parroquia e concello)

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>-Orde do 3 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.</i></p> <p><i>-Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</i></p> <p><i>-Lei de orzamentos xerais da CAG para o ano 2009.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA</p> <p>Lugar e data</p> <p>, de de 200</p>		

ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN, E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.**

D./Dona  con DNI

no nome e representación da entidade

con CIF

**A) DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que para a actuación denominada

a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**B)** Que non se acha incursión en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

E, para que así conste ante a Consellería de Cultura e Deporte, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)



## ANEXO III

## DEFINICIÓN DAS OBRAS PARA QUE SE SOLICITA A AXUDA

## 1. DESCRICIÓN DAS OBRAS PARA QUE SE SOLICITA A AXUDA


--

## 2. ORZAMENTO E DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS PARTIDAS

ORZAMENTO TOTAL	

## 3. PLANO DE SITUACIÓN

4. OUTROS DATOS DE INTERESE



5. FOTOGRAFÍAS DO ELEMENTO E DO SEU CONTORNO

Completar cun mínimo de catro fotografías: unha do contorno, dúas completas do edificio e unha de detalle

## ANEXO IV

**Criterios de estimación da superficie máxima computable para a determinación dos límites máximos das axudas**

## 1. Obxecto.

Para a estimación dos límites máximos das axudas, ao abeiro desta orde, os servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aplicarán unha serie de regras obxectivas basadas en relacionar a contía da axuda solicitada co tipo de obra e as dimensións do elemento. Os límites establecidos por este parámetro só serán de aplicación en caso de que o límite absoluto previsto no artigo 6.1º ofrezca unha contía superior ao da fórmula L.

## 2. Módulo M. Conxunto de actuacións.

Establécese un módulo M, que se adecuará ás actuacións propostas. O módulo M será o resultante da suma de todos os módulos m que correspondan coas actuacións propostas segundo o cadro que se mostra a seguir:

## A) Conservación e mantemento.

Tipo de actuación	Módulo m
Reparación de cuberta	0.5
Reparación de paramentos verticais	0.5
Reparación de forxados	0.5
Reparación de elementos de sustentación	0.25
Reparación de elementos ornamentales	0.25
Acabamentos	0.25
Limpeza do elemento	0.10
Limpeza do contorno	0.10
Eliminación de elementos accesorios	0.05

## B) Restauración.

Tipo de actuación	Módulo m
Substitución cuberta	0.5
Reparación integral paramentos	0.5
Substitución de forxados	0.5
Substitución de elementos de sustentación	0.25
Recebos	0.25
Proxecto técnico	0.25
Pavimentos	0.10
Limpeza xeral	0.10
Pinturas e vernices de madeira	0.10
Limpeza do contorno	0.10
Ferraxes e elementos accesorios	0.05
Eliminación de elementos accesorios	0.05

En caso de que algunha das actuacións propostas na solicitude, que desde o punto de vista da conservación dos valores culturais do elemento sexa autorizable, non estea prevista na lista previa, asimilárase ao módulo m máis semellante.

Do mesmo xeito, aquelas actuacións que non se consideren oportunas desde o punto de vista da conservación, non serán computadas para o cálculo do devandito módulo.

## 3. Módulo C. Superficie computable

A superficie computable C será a que resulte do produto entre a superficie en planta S do elemento e o módulo M. A superficie en planta S do elemento medirase comprobando as dimensións exteriores do inmovible, excluindo beirados e elementos exentos ou accesorios.

S = Superficie en planta do elemento.

C = Superficie máxima computable = M × S.

No caso de elementos puntuais ou de difícil contificación por superficie, para a estimación do límite máximo da axuda empregárase só o criterio de contificación absoluto, e non o relativo ás superficies.

## 4. Límite L. Contía máxima da axuda.

O límite máximo da axuda, referido á superficie, dun elemento de superficie en planta S, será o resultante de aplicar a fórmula

$$L = 100/200 \text{ €} \times C$$

Onde C resulta a superficie máxima computable, equivalente a S × M, e as contías económicas 100 € ou 200 € responderán ao tipo de actuación A) Mantemento ou B) Restauración, respectivamente.

**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*Resolución do 3 de abril de 2009 pola que se convoca un curso básico de capacitación para a categoría de policía dos corpos de policía local.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase o desenvolvemento do curso básico de capacitación para a categoría de policía dos corpos de policía local, segundo o previsto no artigo 35.2º da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

**Obxectivos:** dotar os policía dunha formación teórico-práctica de carácter inicial, específica para as funcións propias dos corpos de policía local, facilitándolles a competencia e capacidade necesarias para o posterior desempeño da súa actividade profesional.

**Destinatarias/os:** o curso vai dirixido a todas aquelas persoas que superaron as correspondentes probas de acceso á categoría de policía dos diferentes concellos de Galicia.

**Inscrición:** a inscrición é gratuíta.

A academia procederá a reservar definitivamente a correspondente praza segundo a comunicación da inscrición por parte do concello de procedencia.

**Prazas:** sen límite.

**Solicitudes.**

1. Os concellos deberán remitir un escrito á Academia Galega de Seguridade Pública solicitando as correspondentes prazas de reserva, con indicación das persoas que superaron as correspondentes probas de oposición á categoría de policía e cubrir o anexo con todos os datos nel reflectidos referidos aos solicitantes de praza.